

OS TEIXADAIS

da Cordilleira Cantábrica



Conservando e restaurando os bosques de teixo da Cordilleira Cantábrica

Conservando y restaurando los bosques de tejo de la Cordillera Cantábrica

Kantauriar Mendikatearen hagin basoak zaintzen eta leheneratzen

Conservation and restoration of mediterranean *Taxus baccata* woods in the Cantabrian Mountains

Unha árbore de lenda

O teixo (*Taxus baccata*) é unha árbore cun grande valor cultural, científico e natural, e unhas características únicas dentro da nosa flora. Moi lonxevo –pode alcanzar os 2.000 anos–, e de crecemento moi lento, ten unha madeira elástica e resistente.

Árbore mitolóxica e de lenda en toda Europa, o teixo está presente nas nosas manifestacións culturais e relixiosas dende tempos remotos, considerándose como árbore sagrada polo

seu permanente verdor, e como símbolo de vida eterna pola súa lonxevidade.

Na antigüidade críase que escorrentaba bruxas, trasnos e malos espíritos, mentres que non poucos templos e altares de pobos tanto indoeuropeos como posteriormente cristiáns, construíronse preto dos teixos, cuxas sombras servían de acubillo para celebrar encontros

de simboloxía relixiosa; ou ben se plantaban teixos ante as novas estruturas relixiosas –igrexas, mosteiros, cemiterios– herdando o costume de manter a súa presenza protectora. Tamén se plantaban teixos á entrada das casas como símbolo benfeitor ante os males, e aínda hoxe pódense ver ramas de teixo nas portas de vivendas dalgunhas vilas. A súa madeira está presente nas nosas vidas dende a antigüidade, xa que era empregada, ata non hai moito, para fabricar utensilios e ferramentas de uso cotián.



Alguns dos artigos realizados en madeira máis antigos que se dataron foron elaborados con madeira de teixo. É o caso dun fragmento de lanza de madeira de teixo achado en 1911 en Clacton-on-sea, (UK)*.


O obxecto ten uns 400.000 anos. Por outra banda, algúns estudos interpretan como ramas de teixo algunhas representacións ramiformes en antigas pinturas e cerámicas, e en gravados rupestres.

¿E onde hai teixos?

Os teixos distribúense por toda Europa, algunhas áreas de Asia, o norte de África así como nos arquipélagos atlánticos de Azores e Madeira. En España atopámolo en todas as cordilleiras montañosas -tanto na Área Eurosiberiana coma na Área Mediterránea- e nas Illas Baleares, aínda que onde resulta máis frecuente é na metade Norte da

Península. Non obstante, e a pesar do seu amplo rango xeográfico de distribución, como comunidade vexetal a superficie real que ocupa é escasa e cunha tendencia á redución, véndose comprometida a súa

conservación por incendios forestais, ramallear de certos herbívoros, competencia con outras especies arbóreas, etc.



¿Como diferenciamos un teixo doutras especies?

Taxus baccata é a única especie e xénero da familia Taxaceae da flora ibérica, polo que nunca poderemos confundirnos con especies próximas.

É unha árbore mediana, que non adoita superar os 10 metros de altura, aínda que pode chegar aos 20 metros excepcionalmente, e o seu , cuberto dunha cortiza de cor parda agrisada, pode alcanzar un rechamante grosor. As follas, inseridas helicoidalmente nos ramiños, aínda que aparentemente parecen dispostas a ambos os dous lados, son perennes e teñen unha vida duns 8 anos. Son parecidas ás acículas dos abetos, teñen

un verde intenso e escuro pola face e máis pálido polo envés. A súa aparencia enredada débese aos numerosos brotes no tronco e ramas en todas as idades, ao desenvolverse grande cantidade de xemas durmintes.

O teixo é unha especie dioica, é dicir, hai teixos macho e teixos femia. As súas flores pódense ver a finais de inverno ou principios de primavera; mentres que os froitos aparecen a finais de verán ou en outono. As sementes están parcialmente recubertas por unha cúpula carnosa vermella, o arilo, chea dun zume mucilaxinoso e azucrado de cor vermella que resulta moi apetecible para algúns animais, o que favorece a súa dispersión.



É unha árbore tóxica debido ao alcaloide “taxina”, presente en toda a árbore agás na envoltura carnosa da semente. Non obstante, hoxe en día é utilizado en medicina debido ao “taxol”, empregado para o tratamento de diferentes tipos de cancro.



As paisaxes que habitan os teixos

Os teixos atopan bos ambientes nos lugares frescos e húmidos, especialmente con orientación Norte ou Leste, aínda que poden aparecer en calquera exposición. Resisten ben o frío, pero poden sufrir en condicións extremas prolongadas ou con xeadas tardías, de igual modo que son sensibles a longos períodos de seca.

É unha árbore xeralista en canto ao tipo de chan, podendo habitar tanto sobre calías como sobre solos acedos, e tamén en canto ao amplo rango de altitude en que pode presentarse, dende os 100 ata os 1.600 metros sobre o nivel do mar. Sempre que se cumpran uns requirimentos hídricos (precipitación superior aos 600 mm), os teixos poden aparecer nunha ampla variedade climática, dende clima mediterráneo a clima atlántico

ou de alta montaña.

As formacións dominantes de teixo son raras e escasas, aínda que existen exemplos moi interesantes. Polo xeral adóitase atopar en pequenos rodais ou ben en exemplares illados formando parte de bosques e convivindo con outras especies. Na montaña cantábrica atopámolo principalmente en zonas de bosque mixto con carballos, bidueiros, acivros, tileiros, etc., faiais ou piñeirais; tamén en canóns rochosos, e, mesmo sobre cimbráis rastreiros, piornais e queirogais.



Fotografía © IBADER (socio do Life Baccata)

Os teixadais do Life Baccata

Todos os teixadais existentes na Península Ibérica teñen un grande valor ecolóxico e científico. No ámbito territorial do LIFE Baccata e arredores, destacan enclaves como a Devesa da Rogueira e Devesa da Escrita (O Courel, Lugo) ou o Teixadal de Casaio (Pena Trevinca, Ourense). En León, o Teixadal de Burbia (Ancares Leoneses), a Tejeda de Rioscuro (Laciana), ou a de “Hoyos de los Tejares” (Posada de Valdeón). Son tamén emblemáticos os teixadais do Norte de Palencia, como a “Tejeda de Tosande”, as do Norte de Burgos, como “La Tejera” de Tartalés de Cilla, e as de Euskadi en Pagoeta e Aralar (Gipuzkoa). Moitas delas posúen teixos senlleiros de grandes dimensións.

Teixos monumentais

Os teixos forman parte do noso patrimonio, atopando exemplares soberbios xunto a igrexas, cemiterios ou casas particulares. Exemplo diso son os Teixos de Cereixido, Carballido e Córneas (Lugo), o Teixo de Rabanal de Abajo (León), os de Cantoral e Santana de la Peña (Palencia), o de Quintanilla del Rebollar (Burgos), ou os situados no cemiterio de Mutriku (Gipuzkoa).

En compañía dos teixos

Os principais animais dispersantes do teixo son atraídos polo arilo carnoso e vermello que envolve as súas sementes. Os seus consumidores máis habituais son os tordos e merlos, aínda que tamén paporrubios, gaios ou estorniños, entre outras aves, contribúen á súa dispersión.



Tamén mamíferos como os raposos, xabaris, fúíñas, donicelas e teixugos transportan as sementes coas súas deposicións, mentres que lebres, coellos, esquíos, leiróns caretos e ratos silvestres, sempre deixan algunha despena de sementes esquecida, nos seus hábitos de almacenar alimento, favorecendo deste modo a súa propagación.

A flora que adoita acompañar aos teixos varía segundo a comunidade –bosque mixto, carballeira, faial, etc. –, aínda que as especies máis frecuentes que podemos atopar son acivros, abeleiras, paleiras, queirugas e arandos.



Zoocoria

Denomínase así á dispersión das sementes de distintas especies vexetais que é realizada polos animais. A dispersión pode suceder de dous xeitos distintos; unha primeira modalidade é a través da pel, o pelo ou os pezuños dos animais (por exemplo, as ovellas trashumantes “transportan” sementes atrapadas na súa lá a moi longas distancias), e outra forma é a través do sistema dixestivo dalgúns animais que consiste na dispersión mediante a inxestión de froitos e sementes. Nas deposicións que realizan os animais, a semente obtén ademais o beneficio de abono e un abrandamento da cobertura tras o paso polos ácidos dixestivos do animal “transportista”. A dispersión animal das sementes favorece a variabilidade xenética, pois deste modo as plantas desprazan sementes lonxe da planta nai.

¿Por que conservar os teixos?

Como xa vimos, a pesar da súa extensa área de distribución, o teixo non é unha especie abundante. Nalgunhas Comunidades Autónomas está considerado Especie de Atención Preferente, ou incluído no Catálogo de Especies Ameazadas.

As principais presións e ameazas dos teixadais son:

A presión herbívora silvestre e doméstica

Os herbívoros ruminantes ramallean as pequenas plantas de teixo, así como as ramas e brotes tenros que están ao seu alcance dos teixos adultos. Se esta presión é elevada, pode provocar a morte dos individuos ramiscados e poñer en perigo a rexeneración da especie.

Competencia con outras especies arbóreas

Os fenómenos de competencia pola luz con outras especies de crecemento máis rápido poden chegar a desprazar literalmente aos teixadais. Isto acontece sobre todo en zonas de faial, onde o teixo adoita estar por debaixo do dosel de faias, con moi pouca luz, chegando a estancarse e mesmo sucumbir por exceso de concorrência.

Incendios forestais

A perda, redución e illamento dos teixadais débese en moitas ocasións aos incendios forestais, como por exemplo aconteceu no Noroeste da Península Ibérica.

Mala xestión do uso público do ámbito dos teixadais e outras perturbacións

Unha hiperfrecuentación nos arredores de teixos monumentais pode causar danos importantes nas súas raíces e compactación excesiva do terreo, entre outras alteracións. Todas estas presións e ameazas poñen en perigo a persistencia dos teixadais e propician a súa fragmentación.



¿Que podemos facer?

As principais medidas de conservación da especie deben estar encamiñadas á prevención dos danos mediante a xestión dos bosques con presenza de teixos, o control da herbivoría (é dicir, evitar que os herbívoros se coman aos teixos novos), e a conservación e restauración do seu hábitat.

Para iso pódense realizar diferentes accións:

- Realizar tratamentos silvícolas (claras, anelados, etc.) en teixadais inmersos en densos faiais, ou plantacións de coníferas exóticas, co obxecto de reducir a competencia pola luz con estas especies de crecemento moito

máis rápido que o teixo e así evitar o seu estancamento.

- Instalar cerramentos totais, parciais ou individuais en teixadais para evitar a presión dos herbívoros no rexenerado.
- Restaurar e ampliar mediante repoboación o hábitat dos teixadais. Con esta acción preténdese mellorar a rexeneración dos teixadais e aumentar a conectividade entre eles. A repoboación realízase con especies características dos teixadais de cada zona; por exemplo, ademais do teixo propiamente dito, carnabudos, carballos, pradairos, abeleiras, tileiros, acivros ou estripeiros, entre outros.



Entre todos

Todos podemos contribuír á conservación dos teixadais:

- Evitar as visitas masivas, xa que produce a compactación do solo e danos ás raíces.
- Os teixos non precisan de labores de poda. Se fose necesario, nunca realizar unha poda severa, xa que provoca moitos rebrotes no tronco e reducen a vitalidade da árbore.
- Non subir aos teixos nin realizar marcas ou sinais no seu tronco. Estas accións, se se realizan de xeito continuado poden danalo ou provocar feridas no tronco e/ou ramas.
- Os gandeiros poden ser uns grandes aliados, evitando as queimas incontroladas e conservando e mantendo os pasteiros mediante rozas e un correcto manexo do gando.
- Tamén o mantemento dunha carga cinexética (sobre todo cervo) axeitada, fomentará o aumento e conservación do rexenerado de teixo.
- Gozar destes monumentos viventes, dignos de ser admirados e respectados.

Un proxecto que reforza a Rede Natura 2000

A Rede Natura 2000 é unha rede ecolóxica europea de áreas de conservación da biodiversidade, cuxa finalidade é asegurar a supervivencia a longo prazo das especies e hábitats máis ameazados de Europa.


Esta Rede está conformada polas chamadas Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e as Zonas Especiais de Protección para as Aves (ZEPA). As ZECs e ZEPAs están designadas para a conservación e recuperación dos hábitats naturais e as especies de flora e fauna silvestre europeas máis senlleiras e/

ou ameazadas, contribuindo na loita contra a perda de biodiversidade ocasionada polo impacto negativo dalgunhas actividades humanas.

O proxecto centrará o seu nos teixadais, así como en masas doutras especies arbóreas con presenza de teixo, de 15 lugares da

Rede Natura 2000 no ámbito xeográfico da Cordilleira Cantábrica.

A Rede Natura está articulada polas Directivas Hábitat (92/43/CEE) e Aves (2009/147/CE).



O proxecto LIFE Baccata

A sociedade actual non pode permitirse a perda de hábitats ou especies de fauna e flora. O compromiso ético colectivo débennos obrigarnos a conservar as especies e os ecosistemas. O proxecto LIFE Baccata pretende incrementar os esforzos pola conservación dos teixos con distintas medidas sobre os lugares en que está presente, e ao tempo achegar esta especie á sociedade, informando sobre a súa singularidade, a súa problemática e sobre que

podemos facer a nivel individual e colectivo para manter e incrementar a súa presenza. O tipo de hábitat onde predomina o teixo é o denominado “Bosques mediterráneos de *Taxus baccata*”. Os teixadais están actualmente ameazados e a súa conservación supón unha especial responsabilidade para a Unión Europea, polo que este hábitat está definido como de “Conservación Prioritaria”. O proxecto LIFE BACCATA está cofinanciado pola Comisión

Europea no marco da Convocatoria LIFE e desenvólvese entre os anos 2016 e 2020. Con este proxecto preténdese mellorar o estado de conservación do hábitat dos teixadais en 15 ZEC (Zonas de Especial Conservación) da Cordilleira Cantábrica, actuando sobre os indicadores de estado de conservación do hábitat: área de ocupación, estrutura e funcións, e perspectivas futuras.



Os principais obxectivos do proxecto LIFE Baccata son:

- Incrementar a área de ocupación dos teixadais.
- Mellorar a estrutura e funcións do hábitat dos teixadais.
- Aplicar medidas que supoñan unha mellora nas perspectivas futuras de pervivencia do hábitat.
- Difundir e transferir as medidas desenvolvidas no proxecto para a súa replicabilidade na Unión Europea.
- Informar á sociedade sobre a importancia ecolóxica dos teixadais.
- Implicar a administracións, propietarios do monte, gandeiros e asociacións forestais na conservación dos teixadais.

Accións a desenvolver ao longo do proxecto:

- Plantación de especies características do hábitat e controlar e extraer as especies non características para favorecer o desenvolvemento do hábitat.
- Realización de accións de protección do

teixo e dos teixadais fronte á herbivoría doméstica ou silvestre para favorecer a súa conservación e rexeneración.

- Realizar actuacións preventivas contra incendios e a súa afección aos teixadais.
- Mellorar o coñecemento da estrutura xenética das poboacións cantábricas de *Taxus baccata*.
- Sensibilizar e aumentar o coñecemento da

sociedade sobre o teixo e os teixadais.

- Contribuír ao desenvolvemento sostible dos municipios en que se desenvolven as accións do proxecto.





SOCIOS

LIFE15 NAT/ES/000790



ADMINISTRACIONES COLABORADORAS



COLABORADORES

